



A Consellería de sanidade está a organizar unha xornada **SOBRE COMUNICACIÓN DAS SOSPEITAS DE ENFERMIDADE PROFESIONAL E VIXILANCIA DA SAÚDE DOS EXPOSTOS AO AMIANTO**. Dita xornada terá lugar no salón de actos deste edificio administrativo (edificio administrativo San Lázaro s/n, Santiago de Compostela) o vindeiro **30 de novembro de 2017**.

A mesma servirá para presentar as novidades do proxecto de comunicación á autoridade sanitaria dende os servizos de prevención, atención primaria e hospitalaria, tanto das sospeitas de enfermidades profesionais en relación ao artigo 5 do RD 1299/2006, de 10 de novembro, como para a remisión do anexo V de vixilancia da saúde de expostos ao amianto do RD 396/2006, de 31 de marzo dende os servizos de prevención.

Polo tanto, está enfocada aos médicos de atención primaria e hospitalaria, que na súa actividade diagnóstica se atopen con dúbidas en relación á filiación laboral dos diagnósticos dos seus pacientes, e ao persoal sanitario dos servizos de prevención que diagnostiquen enfermidades profesionais ou que teñan ao seu cargo a vixilancia da saúde de expostos/as ao amianto. Tamén pode resultar de interese aos técnicos de saúde laboral/xestores que traballen en actividades relacionadas con este tema e aos inspectores médicos, farmacéuticos e subinspectores como participantes neste circuíto de notificación.

Ó longo da xornada darase a coñecer o circuíto existente para este tipo de notificación e as novidades de comunicación automática nas que estamos a traballar. Por iso pensamos que será unha xornada que facilitará o voso labor diario e que servirá de catalizador da comunicación coas administracións sanitarias, así como de punto de reunión para os profesionais que traballan no ámbito da saúde laboral. Por todo isto, será unha gran satisfacción para nos contar coa túa presenza.

Para a inscrición á dita xornada, no caso de ser persoal con relación contractual no Servizo Galego de Saúde/Consellería de Sanidade deberá facer uso, como para calquera curso, da páxina do ACIS, <http://acis.sergas.es/Paxinas/web.aspx> introducindo neste caso o código da xornada (176186).

Para o persoal alleo á organización deberá ter dispoñible un certificado dixital para inscribirse, e seguir as instrucións do manual de inscrición para persoal externo á organización que se xunta, dito manual se atopa na páxina web no epígrafe como inscribirse nun curso do acis <http://acis.sergas.es/Paxinas/web.aspx?tipo=paxlct&idTax=15539>. No caso de ter dificultades de acceso, poderían chamar ao teléfono do ACIS (981554637) e comunicar o código da xornada (176186) para que os axuden na súa inscrición.



XORNADAS SOBRE SOSPEITA DE ENFERMIDADE PROFESIONAL E VIXILANCIA DA SAÚDE DOS EXPOSTOS AO AMIANTO

Lugar de celebración: Salón de actos da Consellería de Sanidade

Datas: 30 de novembro de 2017

Horario: 10:00 a 14:00

Destinatarios: Médicos de atención primaria e hospitalaria. Servizos de prevención. Técnicos de saúde laboral. Inspectores médicos, inspectores farmacéuticos y subinspectores sanitarios. Outro persoal da administración relacionado coa saúde laboral.

Programador/a Docente: María Isabel González García – Técnica superior do Servizo de Sanidade Ambiental da Dirección Xeral de Saúde Pública.

PROGRAMA

Xoves 30 de novembro de 2017

10:00 a 10:30 h.

Presentación da xornada

10:30 a 11:30 h.

Enfermidades profesionais / Exposicións ao amianto.

Relatora: Nieves Lorenzo Espeso. Xefa do equipo técnico de medicina laboral. Centro territorial do ISSGA. A Coruña.

11:30 a 12:30 h.

Papel da Inspección na valoración e control das Continxencias Profesionais: Sospeita de Enfermidade Profesional. Circuitos.

Relator/a: Subdir. X. de Inspección, Auditoría e Acreditación de Servizos Sanitarios.

12:30 a 13:00 h.

Descanso

13:00 a 14:00 h.

Vixilancia da saúde laboral na Dirección Xeral de Saúde Pública. Remisión do anexo V do RD 396/2006 de amianto. Sospeita de enfermidade profesional.

Relatora: María Isabel González García. Técnica superior do Servizo de Sanidade Ambiental. Dirección xeral de saúde pública.